

LUISA VILLALTA

UNHA NOITE DO FIN DO VERÁN /

UNA NIT DE FINALS D'ESTIU





Directora de la colección: MARÍA XESÚS LAMA
Edició: RODRIGO H. ALFAYA I HELENA GONZÁLEZ FERNÁNDEZ

1ª. edición del texto a *Silêncio, ensaiamos*, Via Láctea, 1991

Imatge de coberta : XOÁN PIÑÓN

© del texto: HERDEIRAS DE LUÍSA VILLALTA
© de la traducción: MAX PARRAGA

Edición no venal
CC BY-NC-SA Estudos Gallecs i Portuguesos, Universitat de Barcelona / Chan da Pólvora, 2024

Col·labora:
Secretaría Xeral de Política Lingüística, Xunta de Galicia
ADHUC-Centre de Recerca Teoria, Gènere, Sexualitat



LUÍSA VILLALTA

Unha noite do fin do verán
Una nit de finals d'estiu

TRADUCCIÓ DE MAX PÀRRAGA

LLETRES GALLEGUES UB / *Letras galegas UB_5*

CHAN DA PÓLVORA EDITORA

2024

*Estou perdendo
unha parte de min que fica a un lado.*

Estic perdent
una part de mi que roman al costat.

LUÍSA VILLATA, *Música reservada*

UNHA NOITE DO FIN DO VERÁN

Son vella. Ben o sei. O tempo, a vida ou as dúas cousas, que non son o mesmo, foron-me volvendo ríxida, enrugada, impasíbel. Ninguén diría xa que son un ser vivo.

E que se pode esperar aínda, despois de ter visto tantos amañeceres diferentes, pero igualmente fugaces, tan fugaces que a memoria apenas pode reter as diferencias mais óbvias nen as mais esperadas? No verán, os días son como cadeas de luz, co seu comezo e o seu final, as ondulacións, as duras sombras no chan, no muro, no banco, na flor. O inverno, en cámbio, traí un sen-fin de soños e as sombras son lenes como compañeiras de viaxe. Entre uns e outros apenas percebo xa o despertar das flores ou o despenteado das follas cando caen.

Claro que sempre están os recordos. Din que é condición da vellice unha boa memoria. Sen embargo iso é tan falso como as historias que nos imos poñendo no corazón para poder esquecer. Agora que non me resta senón un presente extenso e indiferenciado, nada quero saber de verdades nen de mentiras, do que sucede e do que imaxino, posto que só me resta vontade para non deixar-me morrer.

Foi un día de xuño cando entrou por primeira vez no parque. Quizá non sexa isto exacto de todo. Pode ser que xa no ano anterior, e outros atrás, andase no meio dalgún grupo de nenos con tirabalas e bicicletas, pelexando, revolcando-se e chupando xelados de pacotilla comprados no quiosque de plástico que está na parada do autobús. Os rapaces son como anduriñas, veñen todos os anos, coas mesmas teimas de aniñar, comer, chiar, encher o ar de sombras móveis, e nós

UNA NIT DE FINALS D'ESTIU

Soc vella. Ja ho sé. El temps, la vida o totes dues coses, que no són el mateix, em van anar tornant rígida, arrugada, impassible. Ningú no diria ja que soc un ésser viu.

I què es pot esperar encara, després d'haver vist tantes albaides diferents, però igualment fugaces, tan fugaces que la memòria gairebé no pot retenir les diferències més òbvies ni les més esperades? A l'estiu, els dies són com cadenes de llum, amb el seu començament i la seva fi, les ondulacions, les dures ombres a terra, al mur, al banc, a la flor. L'hivern, en canvi, porta una infinitat de somnis i les ombres són suaus com companyes de viatge. Entre uns i altres gairebé ja no percebo com es desperten les flors o com es despentinen les fulles quan cauen.

És clar que sempre hi ha els records. Diuen que una bona memòria és condició de la vellesa. No obstant, això és tan fals com les històries que ens anem posant al cor per poder oblidar. Ara que l'únic que em queda és un present extens i indiferenciat, res no vull saber de veritats ni de mentides, d'allò que s'esdevé i d'allò que imagino, perquè només em queda la voluntat per no deixar-me morir.

Era un dia de juny quan va entrar per primera vegada al parc. Potser això no sigui exacte del tot. Pot ser que l'any abans, i en d'anteriors, ja caminés al mig d'un grup de nens amb tiradors i bicicletes, barallant-se, rodolant i llepant gelats de pacotilla comprats en un quiosc de plàstic que hi ha a la parada de l'autobús. Els joves són com les orenetes, venen cada any, amb les mateixes dèries de niar, menjar, piular, omplir l'aire d'ombres mòbils, i nosaltres mai

nunca sabemos se son as mesmas ou outras novas. En calquer caso, un día de xuño, de vento e soleado, entrou o home que nunca antes entrara.

Quen o ía dicir. Agora fai-me graza pensar que todo canto podemos desexar nun momento dado, sucede de feito nese instante, sen chegarmos sequer a formular os verbos, os nomes, os adxectivos, sen imaxinar posibilidades e imposibilidades, sen deixar-nos mesmo demorar no sabor do que queremos crer unha mentira. Tanto é así que, cando afinal a órbita da realidade se cumpre, recordamos aquel primeiro minuto como un punto cego desde o que nada se podería sospeitar. Un punto cego e clarividente.

Estou segura de que nunca o vira até entón. Sen embargo mais tardou el en reparar en min. Poderíamos dicir que até o último instante non comprendeu nada, se é que chegou a comprender. Eu sabíao. Estou afeita a que ninguén me mire, o que me proporciona unha cómoda superioridade fronte aos que me rodean.

Era libre? Eu ou el? Non sei que obxecto ten esta pregunta, este chasquido da memoria que se interpón entre o vivido e o recordado. Supoño que ninguén era libre, nen eu nen el. Estaban as ataduras da vida, da idade, o meu inexorábel outono fronte á súa gloriosa primavera. Alén diso, é ben certo que nada contaba, nen sequer esas mesmas ataduras, nen as da vergoña... Como digo, eu case non existo aos ollos dos demais. E para sentir vergoña é necesario que alguén nos mire.

Por iso non me recatei nada cando me confesei a min mesma que me gostaba. Gostaba-me. Non sei por que. A súa fisionomía era a normal dunha adolescencia case vencida: proporcionado, terso, flexíbel. O pelo e os ollos dun brillo excepcional. Creo que foi o pelo e os ollos e unha aura de inocencia e vigor intelixentes o que me turbou. Outro chasquido este de poñer agora excusas razonábeis, de recortar unha fotografía e poñé-la a secar na cámara escura.

no sabem si són les mateixes o d'altres de noves. En qualsevol cas, un dia de juny, de vent i assolellat, va entrar-hi l'home que mai abans no hi havia entrat.

Qui ho havia de dir. Ara em fa gràcia pensar que, de fet, tot el que podem desitjar en un moment donat s'esdevé en aquell mateix instant, sense que ni tan sols ens arribem a formular els verbs, els noms, els adjectius, sense que imaginem possibilitats i impossibilitats, sense que ens deixem, fins i tot, aturar en el gust d'allò que volem creure que és una mentida. Tant és així que, quan al final l'òrbita de la realitat s'acompleix, ens recordem d'aquell primer minut com un punt cec a partir del qual res no es podria sospitar. Un punt cec i clarivident.

Estic segura que mai no l'havia vist fins aleshores. Malgrat això, ell va trigar més a fixar-se en mi. Podríem dir que fins a l'últim instant no va entendre res, si és que va arribar a entendre alguna cosa. Jo ho sabia. Estic avesada que ningú no em miri, la qual cosa em proporciona una còmoda superioritat respecte dels qui m'envolten.

Era lliure? Jo o ell? No sé quin propòsit té aquesta pregunta, aquest espetec de la memòria que s'interposa entre allò vívid i allò recordat. Suposo que ningú no era lliure, ni jo ni ell. Hi havia els lligams de la vida, de l'edat, la meva tardor inexorable enfront de la seva primavera gloriosa. A banda d'això, és ben cert que res no importava, ni tan sols aquests mateixos lligams, ni els de la vergonya... Com dic, jo gairebé no existeixo als ulls de la resta. I per sentir vergonya cal que algú ens miri.

Per això no em vaig avergonyir gens quan em vaig confessar a mi mateixa que m'agradava. M'agradava. No sé per què. La seva fesomia era la normal d'una adolescència quasi vençuda: proporcionat, net, flexible. Els cabells i els ulls, d'una llüïssor excepcional. Crec que van ser els cabells i els ulls i una aura d'innocència i vigor intel·ligents el que em va torbar. Un altre espetec, aquest de posar ara excuses raonables, de retallar una fotografia i posar-la a eixugar a la càmera obscura.

E digo que me turbou, aínda que pareza impróprio. Podería empregar calquer outra palabra, moitas outras, avaladas quizá polo costume ou a malícia. Pero en realidade non hai palabras que definan as sensacións cuxa orixe se descoñece.

Nada tería pasado, estou segura, se desde aquel día non viñese máis ao parque, ao mesmo banco, a escoitar quen sabe se a mesma música con aquel aparelleño e os auriculares. Pero el veu todo os días, sen fallar un, mesmo que chovise, el que podía ter percorrido o mundo. Sentaba-se, apertaba o botón e só me quedaba mirá-lo, os seus rítmicos movementos coa punta do pé, como que pasea por algunha cidade invisible. Cada día comecei a esperá-lo e a deter-me con verdadeiro pracer nas sombras do seu pantalón, nos brazos cruzados á altura do tórax, na cabeza oscilante e o seu ollar distraído cara ás altura, indiferente ás ameazantes pólas das árbores.

Que podía eu facer? En realidade nada. As cousas sucederon por si mesmas. Inevitablemente. Quizá o destino exista, pero entón ten forma humana, co cal xa non é destino, senón vontade, unha vontade como a miña ou a dos outros. É que o desexo é o único irremediábel?

Como un destino, pois, apareceu ela, a interpoñer-se entre nós. Unha rapaza ben feita, é verdade, nesa idade en que o mundo se parece a un espello ante o que retocar-se continuamente o penteado. Traía un can pequeno de pelo rizado, atado con unha correa extensible. Xa se coñecían, ou iso me pareceu, porque saudaron timidamente. El invitouna a sentar-se. Ela aceptou sen soltar o can. Falaron un anaco, pero axiña a moza pretextou algo e marchou, sen que el se ofrecese a acompañala. O rapaz volveu a colocar os auriculares e apertou o botón. Todo volvía á normalidade. Sen embargo puideron apreciar unha certa rixidez. Nen o pé nen a cabeza se moveron xa aquel día. De alí a pouco, ergueu-se e marchou.

I dic que em va torbar, tot i semblar impropï. Podria fer servir qualsevol altra paraula, moltes altres, avalades potser pel costum o la malícia. Però en realitat no hi ha paraules que defineixin les sensacions l'origen de les quals desconexim.

Res no hauria passat, n'estic segura, si a partir d'aquell dia no hagués vingut més al parc, al mateix banc, a escoltar qui sap si la mateixa música amb aquell aparell i els auriculars. Però va venir cada dia, sense fallar-ne cap, encara que plogués, ell que podia haver recorregut el món. S'asseia, premia el botó i només em quedava mirar-lo, els seus moviments rítmics amb la punta del peu, com qui passeja per alguna ciutat invisible. Vaig començar a esperar-lo cada dia i a aturar-me amb veritable plaer en les ombres dels seus pantalons, en els braços plegats a l'altura del tòrax, en el cap oscil·lant i la seva mirada distreta cap a les altures, indiferent a les branques amenaçadores dels arbres.

Què hi podia fer? En realitat res. Les coses es van esdevenir per si mateixes. Inevitablement. Potser el destí existeix, però llavors té forma humana i, per tant, ja no és destí, sinó voluntat, una voluntat com la meua o la dels altres. Que potser el desig és l'única cosa irremeiable?

Com un destí, doncs, ella va aparèixer, a interposar-se entre nosaltres. Una jove ben feta, és veritat, en aquella edat en què el món s'assembla a un mirall davant del qual ens retoquem contínuament el pentinat. Duia un gos petit de pèl rinxolat, lligat amb una corretja extensible. Ja es coneixien, o m'ho va semblar, perquè es van saludar tímidament. Ell la va convidar a seure. Ella va acceptar sense deixar anar el gos. Van parlar una mica, però aviat la jove va posar un pretext i va marxar, sense que ell s'oferís a acompanyar-la. El jove va tornar-se a col·locar els auriculars i va prémer el botó. Tot tornava a la normalitat. Malgrat això, vaig poder apreciar una certa rigidesa. Ni el peu ni el cap no es van moure ja aquell dia. En poca estona, es va aixecar i se'n va anar.

Xa non lembro de todo o que pensei cando el marchou, pero sei que fiquei sumida nunha vertixinosa maré de sensacións que non podía deter. Até entón nada esperara, aínda era cedo. Ou ilóxico. Pero así foi como pase dunha curiosidade expectante ao vacío da desesperación.

E non eran ciúmes. Non? A quen pretendo enganar? Aínda así. Un chaquido máis e sei que non o eran, ou se eran viñan no mesmo paquete que o amor. Así, descaradamente. Só naquel momento comprendín que o amaba, que era meu desde sempre, desde antes de nacer el, desde antes de nacer ela.

Ergueu-se e marchou. Sen mirar-me sequer. Sentín tan seca e enrugada a miña pel que crin rebentar. Mellor tería sido desmoroñar-me alí mesmo, que o arrola-se o autobús á saída, non volvé-lo a ver.

Pero as paixóns son sempre máis espuma que auga e todo acaba por buscar o seu acougo. Así veu un día máis. Ela viña sen can e el alegrou-se de ve-la como se algo tivesen acordado ás miñas costas. Que fermoso estaba con aquel sorriso novo, que eu non lle coñecía. Ela tamén estaba embebida. Deron-se a man, beixaron-se, e o lume dos seus corpos queimaba-me.

É lei que todo o que se queima rexurda novamente con máis forza. E eu teño idade suficiente como para saber que é certo. Unha verdade de antigas mitoloxías. Por iso tiveron lástima destas pobres aves das novas niñadas que, fuxindo ao lume do bosque, van dar ao río onde afogan.

Serenei-me, conformei-me, esperei. Até me alegraba ve-los polas mañás enredar-se un no outro, trepar-se mutuamente, igual que me alegraban os rebentos das glicínias todas as primaveras.

Ja no recordo tot el que vaig pensar quan se'n va anar, però sé que em vaig quedar enfonsada en una vertiginosa marea de sensacions que no podia aturar. Fins aleshores no havia esperat res, encara era aviat. O il·lògic. Però així va ser com vaig passar d'una curiositat expectant al buit de la desesperança.

I no era gelosia. No? A qui puc enganyar? Malgrat tot. Un espetec més i sé que no ho era, o si ho era venia en el mateix paquet que l'amor. Així, descaradament. Només en aquell moment vaig comprendre que l'estimava, que era meu des de sempre, des d'abans que nasqués ell, des d'abans que nasqués ella.

Es va aixecar i se'n va anar. Sense ni tan sols mirar-me. Em vaig sentir la pell tan seca i arrugada que vaig creure que rebentava. Més hauria valgut ensorrar-me allà mateix, que l'investís l'autobús a la sortida, no tornar-lo a veure.

Però les passions sempre són més escuma que no pas aigua i tot acaba per buscar la calma. Va arribar un altre dia. Ella venia sense gos i ell es va alegrar de veure-la com si haguessin acordat alguna cosa a la meua esquena. Que bonic que estava amb aquell somriure nou, que jo no li coneixia. Ella també estava embeguda. Es van agafar la mà, es van besar, i el foc dels seus cossos em cremava.

És llei que tot el que es crema ressorgeixi novament amb més força. I tinc prou edat com per saber que és cert. Una veritat d'antigues mitologies. Per això vaig sentir llàstima d'aquestes pobres aus de les noves niuades que, fugint del bosc, arriben al riu on s'ofeguen.

Em vaig asserenar, em vaig conformar, vaig esperar. Fins i tot m'alegrava veure als matins com s'embolicaven l'un en l'altre, enfilant-se mútuament, de la mateixa manera que m'alegraven els brots de les glicines totes les primaveres.

Era xa o mes de xullo. Moitas das flores comezaron a cair. As rosas, en cámbio, abrían-se cada vez mais, como se todo o ar e toda a luz fosen insuficientes aínda. E viñeron as noites mais calorosas do ano. Nesas noites, o parque emanaba un frescor irrepetíbel baixo os lenes abanos das árbores. Das sombras saían murmullos solitarios, lenes abanos das árbores. Das sombras saían os murmullos solitarios, liberados das cadeas da luz. Os murmullos. Ali estaban os dous ocupando todo o banco. Un farol desgastado debuxaba-os contra o muro en ondas de sombras, un océano en marusia do que emerxían as cabezas unidas e desunidas, o pelo longo dela a prolongar a noite mentres el se mergullaba novamente nas profundidades, e volvía a subir co trofeu dun xemido rouco, as pernas dela arredor da súa cintura eran salvavidas que inmediatamente se desfacía, para naufragar nas ondas, picadas por dúas pequenas gaivotas, entre as que o leviatán da espalda masculina se movía en cumprimento das máis íntimas profecías. O can corria dun lado para outro como louco, e a súa sombra amplificada sobre o muro semellaba a porta do inferno.

Agosto mudou os atardeceres por rosas murchas. Á miña idade cumpre cada ano preparar-se máis cedo para a invernía. Case en setembro, o vento frío xa facía renxer as árbores. A xiada das noites tardaba en desfacer-se polas mañás, cando o meu namorado entraba coa fadiga nos ollos. Comecei a preocupar-me por el e tamén por min. O inverno facía-se preceder de incógnitas que me torturaban. O brillo dos seus ollos tamén se cambiou por unha lenta ensoñación.

A primeiros de setembro vin-na por última vez. Desde entón nen ela nen o can volveron ao parque. Polo menos tivo a delicadeza de despedir-se del ali, no mesmo banco, diante de min. Como a primeira vez, apenas estivo uns minutos, quince ou vinte, sen soltar o can da súa cadea. El tampouco despendurou os auriculares e apenas a miraba, mentres ela falaba, iso si, falaba moito máis que aquel fatídico día.

Ja era el mes de juliol. Moltes de les flors van començar a caure. Les roses, en canvi, es descloïen cada cop més, com si tot l'aire i tota la llum fossin insuficients encara. I van venir les nits més caloroses de l'any. En aquelles nits, el parc desprenia una frescor irrepetible sota els lleugers ventalls dels arbres. De les ombres en sortien els xiuxiuejos solitaris, alliberats de les cadenes de la llum. Els xiuxiuejos. Allà s'estaven tots dos ocupant el banc. Un fanal desgastat els dibuixava contra el mur en ones d'ombres, un oceà en maror del qual emergien els caps units i desunits, els cabells llargs d'ella allargant la nit mentre ell se submergia novament en les profunditats, i tornava a pujar amb el trofeu d'un gemec aspre, les cames d'ella al voltant de la seva cintura eren el salvavides que immediatament es desfeia, per naufragar en les onades, picades per dues petites gavines, entre les quals el leviatan de l'esquena masculina es movia en acompliment de les més íntimes profecies. El gos corria d'una banda a l'altra com un boig, i la seva ombra amplificada sobre el mur semblava la porta de l'infern.

L'agost va canviar els capvespres per roses pansides. A la meua edat cada any cal preparar-se més aviat per a la hibernada. Gairebé al setembre, el vent fred ja feia grinyolar els arbres. La gelada de les nits trigava a desfer-se als matins, quan el meu enamorat hi entrava amb la fatiga als ulls. Vaig començar a preocupar-me per ell i també per mi. L'hivern es feia precedir d'incògnites que em torturaven. La brillantor dels seus ulls també es va canviar per un lent ensonyament.

A primers de setembre la vaig veure per darrera vegada. Des d'aleshores ni ella ni el gos van tornar al parc. Almenys va tenir la delicadesa d'acomiar-se d'ell allà, al mateix banc, davant meu. Com la primera vegada, només hi va estar uns minuts, quinze o vint, sense deslligar el gos de la corretja. Ell tampoc no va despenjar els auriculars i només la mirava mentre ella parlava, això sí, parlava molt

Mais desculpas? Pensei que o comportamento del era o correcto, ela tiña o seu merecido. Comprendin que era o fin e alegrei-me. Agora ficaba só para min.

Nesta ocasión el non se levantou nen se marchou. Demorou-se mais que nunca. Os seus ollos estaban fixos, pero non distraídos. Miraban coa clarividencia dun adiviño cego. Foi a primeira vez que me mirou, que me viu. Todo dentro de min floreceu coas flores vermellas do inverno.

Quizá sorriu. Eu estaba alí para recoller ese sorriso, para impedir que ese sorriso se esvaíse xamais. Levantou-se e saíu pero eu sabía que volvería, porque me deixou no banco o aparello da música como unha oferta.

Viña a noite lentamente, como unha luva de cetin. Ia frío. Pero el veu de camisa, sen outra roupa de abrigo. Cando me abrazou deixei de temer por el, eu acocharia-o.

Non sei canto tempo pasou así apertado contra min, sen dicir palabra. Eu só sentia os seus brazos que me premian fortemente e a sua cabeza entre os ombros agachando algun salouco. Sen dúbida pasou moito tempo, un tempo que non se pode medir.

No muro as nosas siluetas eran un corpo só. Que mais se podía facer? Que mais se podía esperar? Estaba-se cumprindo todo canto desexara. Por iso non me sorprendin nen me arrependo agora do que aconteceu. Cando sosegou, apertou-se-me con unha forza inusitada, a que se di que un despreza nas situacións difíceis, de perigo mortal. Só recordá-lo aínda me fai tremer. E eu aceitei-no. Ali, por cima de min, trepando-me, percorrendo-me, cumpriu por fin todas as vontades, todos os desexos. Meu neno, meu home. Cando se deixou ir, as nosas sombras no muro apareceron unidas para sempre, como se me nacesse un fillo ao que xa nunca se pudesese cortar o cordón umbilical.

més que no pas aquell fatídic dia. Més disculpes? Vaig pensar que el comportament d'ell era correcte, ella tenia el que mereixia. Vaig comprendre que era la fi i me'n vaig alegrar. Ara era només per a mi.

En aquesta ocasió no es va aixecar ni se'n va anar. S'hi va estar més que mai. Els seus ulls estaven fixos, però no distrets. Miraven amb la clarividència d'un endeví cec. Va ser la primera vegada que em va mirar, que em va veure. Tot dins de mi va florir amb les flors vermelles de l'hivern.

Potser va somriure. Jo era allà per recollir aquell somriure, per impedir que aquell somriure no s'esvaís mai. Es va aixecar i va marxar però jo sabia que tornaria, perquè al banc em va deixar un aparell de música com a ofrena.

S'acostava el vespre lentament, com un guant de setí. Feia fred. Però ell va venir amb camisa, sense cap altra roba d'abric. Quan em va abraçar vaig deixar de témer per ell, jo l'acotxaria.

No sé quant de temps va passar així abraçant-me, sense dir res. Jo només sentia els seus braços que em premien fortament i el seu cap entre les espatlles amagant algun sanglot. Sens dubte va passar molt de temps, un temps que no es pot mesurar.

Al mur les nostres siluetes eren un sol cos. Què més s'hi podia fer? Què més se'n podia esperar? S'estava complint tot el que havia desitjat. Per això no em vaig sorprendre ni ara em peneixo del que va passar. Quan es va tranquil·litzar, se'm va abraçar amb una força inusitada, la que es diu que un desplega en les situacions difícils, de perill mortal. Només de recordar-me'n encara tremolo. I jo el vaig acceptar. Allà, per sobre meu, enfilant-se'm, recurrent-me, va complir per fi totes les voluntats, tots els desitjos. El meu nen, el meu home. Quan es va deixar anar, les nostres ombres al mur van aparèixer unides per sempre, com si em naixés un fill al qual ja mai es pogués tallar el cordó umbilical.

Así nos encontraron pola mañá. Houbo ambulancias, policías, xuíces e, sobretudo mentiras, moitas mentiras. Como sempre ninguén mirou para min, nen sequer me odiaron. Quen era eu? Só unha vella árbore que nen sente nen padece.

Cortaron a corda e dixeron que ia morto, pero sei que é mentira. A verdade é que levaba arredor da gorxa o colar dos vencedores. Aínda sigo a recordar o fermoso que estaba cando o pousaron na terra. O tempo detivo-se a esperar o seu regreso. E el volve sempre. Só me dou conta de que pasan os anos, un tras outro, cando o vexo entrar novamente. O home que nunca antes entrara.

Així ens van trobar al matí. Hi va haver ambulàncies, policies, jutges i, sobretot, mentides, moltes mentides. Com sempre ningú em va mirar, ni tan sols em van odiar. Qui era jo? Només una vella alzina que ni sent ni pateix.

Van tallar la corda i van dir que era mort, però jo sé que és mentida. La veritat és que al voltant de la gola duia el collar dels vencedors. Encara recordo com n'estava, de formós, quan el van posar a terra. El temps es va aturar esperant el seu retorn. I ell torna sempre. Només m'adono que passen els anys, un rere l'altre, quan el veig entrar novament. L'home que mai abans no hi havia entrat.

*Esta plaquette rematouse de imprimir o 17 de maio de 2024,
ano en que foi convidada a debuxar o cartel
da 42 edición da feira Còmic Barcelona
a autora e ilustradora galega
EMMA RÍOS*

Aquesta plaquette va sortir d'impremta el 17 de maig de 2024,
any en el qual va ser convidada a dibuixar el cartell
de la 40a. edició de la fira Còmic Barcelona
l'autora i il·lustradora gallega
EMMA RÍOS.

CHVN
DV
PŪLVORV
editora



UNIVERSITAT DE
BARCELONA

Estudis Gallecs i Portuguesos

ADHUC

Centre de Recerca
Teoria, Gènere, Sexualitat
UNIVERSITAT DE BARCELONA



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
CULTURA, LINGUA
E XUVENTUDE